

## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación Formación Profesional, pola que se establece o calendario para á celebración das eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 21), a **Xunta Electoral** deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **Sector de Nais, Pais e Titores legais** do alumnado, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41. do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do21), redactado conforme ao referido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 pai/nai**.
2. Son electores todos os pais, nais ou, se é o caso, titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios **na secretaría do centro**. As **reclamacións** ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral preferiblemente por Correo Electrónico ([ceip.espedregada@edu.xunta.gal](mailto:ceip.espedregada@edu.xunta.gal)) ata ás 14:00h do día 16 de novembro.
3. Son elixibles os pais, nais ou, se é o caso, titores/as legais que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilita en arquivo adxunto. As candidaturas poderán ser presentadas ata ás 14:00horas do citado 16 de novembro.
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten candidatos/as, o 17 de novembro ás 09:00horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directoras do Centro, que actuará como presidenta é un pai/nai ou titor/a legais, actuando de secretario/a.

5. A campaña electoral comprenderá dende o día 18 ao 21 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición a presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 22 de novembro véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 5 electores.
7. As votacións realizaranse na entrada principal do Centro o día **23 de novembro de 09:00 ás 14:00h e de 16:00 ata ás 17:00h**. A mesa será constituída o mesmo día en acto público ás 08:50h.
8. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de 1 nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
9. Teñen dereito a voto o pai e a nai ou, se é o caso, titor/a legais do alumnado.
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos que será público, e unha vez realizado, levantarase acata para o seu envío a Xunta Electoral do Centro.
11. A Xunta Electoral do Centro resolverá ás dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Raxó, 8 de novembro de 2021  
A Presidenta da Xunta Electoral  
Asdo: M<sup>a</sup> Yolanda Murillo Moreira